

A longa e importante traxectoria de María do Carme Kruckenberg, a súa intensa actividade como persoeira da cultura de noso, chamaba a berros por un recoñecemento en forma de monografía. Pois ben, esa atención veu da man dunha das nosas máis competentes estudosas, Mercedes Queixas Zas, quen en *Vivir, unha aventura irrepitíbel*, acomete a tan difícil coma necesaria tarefa de biografar a autora viguesa.

Polas páxinas deste libro van desfilando os episodios máis

A aventura de vivir

Kruckenberg, complexa marea

ARMANDO REQUEIXO



puramente p e r - soais en a l t e r n a n c i a con aqueles doutros de maior relevo público. Sabemos, así, da infancia e a mocidade da autora, do difícil transo da guerra e do primeiro amor, mais sobre todo

dos faladoiros compartidos con Pimentel, Manuel María, Iglesia Alvaríño, Novoneyra, Avilés de Taramancos, Celso Emilio ou os Álvarez Blázquez e aínda da súa vivencia suramericana e o trato con Lorenzo Varela, con Pita, con Seoane.

Relacións e feitos que proxectan, en segundo plano, toda unha radiografía da cultura e a literatura galegas do pasado século, contada, merece subliñarse, con total ame-

nidade, evitando deliberadamente a profusión de citas ou de datos técnicos, dando a palabra á propia Kruckenberg a cada paso e deixándose mergullar nunha prosa fluída, estilisticamente vizosa, que se le con sumo agrado.

Non quero rematar sen salientar debidamente a valiosa inclusión dun número estimable de instantáneas no volume, razón que, sumada ás anteriores, xustifica a pertinencia dunha publicación como a presente, acerto editorial e, sobre todo, excelente labor de Mercedes Queixas Zas que axuda a facer xustiza á complexa marea de vida e obra dunha escritora referencial nas nosas letras. *QUEIXAS ZAS, Mercedes, Vivir, unha aventura irrepitíbel, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP 19 €*